

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

17651 *Real decreto 1668/2009, do 6 de novembro, polo que se modifica o Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, aprobado polo Real decreto 705/1997, do 16 de maio.*

O dereito sancionador exige a concorrencia dunha serie de garantías de ineludible cumprimento. Entre elas encóntrase o principio de legalidade, regulado no artigo 127.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que establece que «o exercicio da potestade sancionadora corresponde aos órganos administrativos que a teñan expresamente atribuída, por disposición de norma de rango legal ou regulamentario».

Tal obriga exige adecuar as denominacións dos órganos competentes en materia de procedemento para a imposición de sancións, tanto para iniciar o expediente sancionador como para a imposición de sancións, xa que as recollidas no real decreto que se modifica se refiren a órganos que actualmente non existen dentro da estrutura do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Por razóns de seguranza xurídica é indispensable que se cumpra con rigor a atribución expresa a órgano actual e existente da competencia correspondente no ámbito do procedemento sancionador. Tanto o grao de litixiosidade nesta materia como a estrita suxeición aos principios de competencia, legalidade e exacta predeterminación do órgano competente para sancionar que exige o procedemento, determinan a necesidade desta modificación.

Esta modificación afecta en exclusiva o ámbito de competencia da Administración xeral do Estado, por canto se limita a reflectir as competencias no ámbito sancionador que derivan da estrutura orgánica regulada no Real decreto 1130/2008, do 4 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, coa aprobación previa da vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de novembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, aprobado polo Real decreto 705/1997, do 16 de maio.*

O Regulamento da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, aprobado polo Real decreto 705/1997, do 16 de maio, queda modificado como segue:

Un. O artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Iniciación e réxime aplicable.*

1. O incumprimento das obrigas derivadas da Lei 38/1994, do 30 de decembro, poderá dar lugar, sen prexuízo das responsabilidades doutra orde que fosen

exixibles, á apertura do correspondente expediente por parte do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño.

2. O procedemento para a imposición das sancións establecidas na Lei 38/1994, do 30 de decembro, axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.»

Dous. O artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 18. *Órganos competentes.*

1. O órgano competente para iniciar o expediente sancionador é o director xeral de Industria e Mercados Alimentarios, quen nomeará instrutor o subdirector xeral competente por razón da materia ou do sector. No caso do sector do aceite de oliva e da oliva será instrutor o director da Axencia para o Aceite de Oliva.

2. Os órganos competentes para a imposición das sancións a que se refire a Lei 38/1994 son:

a) O director xeral de Industria e Mercados Alimentarios para a imposición de sancións por infraccións leves.

b) O secretario xeral de Medio Rural para a imposición de sancións por infraccións graves.

c) O ministro de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para a imposición de sancións por infraccións moi graves.

3. Contra as resolucións que poñan fin ao procedemento sancionador dos supostos a) e b) do punto anterior, cabe interpor recurso de alzada de conformidade co previsto nos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de novembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA